

# LIBRO VI DA ESCOLA GALEGA DE ADESTRADORES

## FINS E ORGANIZACIÓN

### Artigo 1

A Escola Galega de Adeptadores é o órgano técnico da FEGAN que cuida da formación e titulación das persoas que se dedican ao labor técnico e docente da natación, wáter-polo, saltos e natación sincronizada.

### Artigo 2

Son funcións da Escola Galega de Adeptadores:

- 1.- Organizar os cursos técnicos nos seus diferentes niveis.
- 2.- Propor á FEGAN a expedición dos correspondentes títulos.
- 3.- Distribuír os programas de estudos e os textos correspondentes, así como cuidarse da formación de cadros de profesores.
- 4.- Organizar cursos de actualización, seminarios e conferencias que contribúan á mellor formación técnica dos preparadores xa titulados.
- 5.- Establecer relacións con outras Escolas e órganos técnicos nacionais ou estranxeiros.
- 6.- Cantas misións estean derivadas da posta en marcha dos anteriores ou que expresamente se lle encargue á FEGAN.

### Artigo 3

A Escola Galega de Adeptadores estrutúrase do seguinte modo:

- 1.- Un Director, nomeado polo Presidente da FEGAN e que deberá estar en posesión do Título de Adeptador na súa máxima categoría.
- 2.- O domicilio da Escola Galega de Adeptadores será o da FEGAN.
- 3.- Unha Comisión de Docencia, que terá como misión a elaboración dos plans de estudo e a súa revisión anual, así como a supervisión dos textos das materias que se han de impartir nos distintos cursos. Reunirase unha vez ao ano, presidida polo Director da Escola Galega de Adeptadores e formada por un mínimo de tres membros.
- 4.- O Xefe de Estudos de cada curso, que será nomeado polo Director da EGE, e que nomeará o cadro de profesores, en número suficiente para desenvolver o programa dos cursos que leven a cabo.

## DO PROFESORADO

### Artigo 4

O Director da EGE, en colaboración co Xefe de Estudos, facilitará o cadro de profesores para os diferentes cursos que se precisen.

### Artigo 5

Os profesores dos cursos impartidos pola EGE, deberán necesariamente deberán estar en posesión do título de adestrador no seu máximo nivel, fóra daquelas materias non puramente técnicas, que deberán ser titulados de estas.

Nos cursos impartidos pola EGE o Xefe de Estudos deberá, así mesmo, estar en posesión do título de Adeptador Superior.

## Artigo 6

O Director da EGE propondrá á Xunta Directiva da FEGAN os honorarios dos profesores en función do nivel do curso en que se impartan as clases.

## CURSOS E TITULACIÓNS

### Artigo 7

Ao comezo do curso escolar, a Escola Galega de Adestradores dará a coñecer o proxecto de cursos a realizar, especificando as datas e outras normas complementarias a estes.

### Artigo 8

A Xunta Directiva da FEGAN fixará as cotas de inscrición dos diferentes cursos.

### Artigo 9

As normas xerais polas que se rexerán todos os cursos serán:

1.- No programa de cada curso determinarase as horas e o horario de clases teóricas e prácticas de cada materia, que se dará a coñecer aos alumnos matriculados.

2.- As cualificacións serán de 10 puntos. A cualificación de APTO en cada materia obtense coa nota 5 (cinco). Inferior a esta nota considérase NON APTO.

3.- A asistencia a clase será obrigatoria en todas as materias. A falta de asistencia a máis dun 10% de horas en cada materia será motivo suficiente para non poder examinarse desa materia.

4.- En cada curso elixirase, entre os alumnos, un Delegado de Curso que será o coordinador entre o Xefe de Estudos e o alumnado.

5.- Finalizado o curso e corrixidos os exames, elaborárase unha acta, con asistencia e visado do Xefe de Estudos correspondente.

### Artigo 10

A Escola Galega de Adestradores analizará as actas dos cursos rexionais celebrados, estudando os recursos, se os houberse, e se o estima, dando a súa aprobación ou solicitando as aclaracións pertinentes.

### Artigo 11

Os alumnos dos cursos rexionais que non estivesen conformes coas súas cualificacións poderán recorrer ante a Dirección da Escola Galega de Adestradores. Este recurso haberá de ser tramitado a través desta Federación Galega de natación, non máis de sete días logo de recibir a notificación oficial da súa cualificación.

Nos cursos para obter titulación nacional procederase tal como prevé o artigo 14 do Libro XIII da ENE.

### Artigo 12

Para obter a titulación dun curso, será necesario que o alumno obteña, como mínimo, a cualificación de APTO na totalidade das materias que compoñen o curso, así como a realización satisfactoria das prácticas correspondentes a cada curso.

### Artigo 13

A Escola Galega de Adeptadores concederá con carácter extraordinario e honorífico, o título de MESTRE ADESTRADOR a aqueles técnicos que, estando en posesión da máxima titulación da ENE, consigan resultados de moi alta cualificación en competicións estatais ou internacionais ou se distinguiron polo seu brillante e dilatado labor técnico en natación, wáter-polo, saltos ou natación sincronizada.

A proposta para este título será elevada pola EGE á Comisión de Recompensas da FEGAN para a súa aprobación definitiva.

Para o estudo dos posibles candidatos terase en conta:

- 1.- Os anos de antigüidade como adestrador (10 como mínimo).
- 2.- A achega de nadadores a algunha selección española, sexan finalistas A de un Campionato de España Absoluto ou que obteñan medallas nalgún Gran Premio de Idades.
- 3.- A asistencia anual a seminarios, congresos ou xornadas técnicas e os relatorios delas.
- 4.- A publicación de artigos técnicos en revistas ou publicacións especializadas.
- 5.- Poderanse valorar outros méritos non contemplados nas seccións anteriores.

Para decidir respecto diso formarase unha Comisión de entre os membros da Comisión de Docencia, que poderá contar coa asistencia dos asesores que se estimen oportunos, ante a cal o adestrador deberá presentar un traballo orixinal sobre un tema de libre elección dentro da modalidade na que traballe.